

## Prazos Matrícula 2023/2024

### Autoservizo:

- Alumnado admitido polo procedemento de preinscrición nos [chamamentos](#) establecidos pola CiUG.
- O resto do alumnado **do 23 de agosto ao 11 de setembro**. Quen, por non ter autorización, non poida realizar a matrícula deste xeito deberá contactar coa unidade administrativa do seu centro de estudos nese mesmo prazo.

### Presencial:

- Quen teña unha admisión para realizar os RFC na modalidade de proba de aptitude deberá matricularse alomenos 15 días antes de que teña lugar a avaliación.
- O colectivo de estudantes que veñen a UVigo cun contrato de mobilidade nacional ou internacional:
  - Ata o 16 de outubro para quen veña cursar o primeiro cuatrimestre ou o curso completo.
  - Ata o 4 de marzo para quen veña cursar só o segundo cuatrimestre.

### Modificación de materias:

- Primeiro período: do 25 ao 29 de setembro para calquera materia.
- Segundo período: do 19 ao 23 de febreiro só para materias do segundo cuatrimestre.

### Anulación total:

- Poderase solicitar a anulación total de matrícula en prazo ata o día 15 de outubro.

## Outros procedementos relacionados

### Cambio de réxime de permanencia (de tempo completo a tempo parcial):

De xeito xeral quen desexe solicitar cambio no réxime de permanencia terá que solicitalo no mesmo momento da formalización da matrícula. A quen unha causa sobrevida debidamente xustificada, logo de comezado o curso académico, lle impida seguir a tempo completo, poderá solicitar o cambio a tempo parcial ata o último día do período de modificación do segundo cuatrimestre.

### Simultaneidade de estudos universitarios:

Quen pretenda [simultanear](#) máis dunha titulación universitaria oficial no mesmo curso académico terá que solicitalo antes de poder formalizar a segunda matrícula.

### Recoñecemento de créditos:

- A [solicitud](#) presentase nos meses de xuño, xullo e agosto. Resolverase antes do 30 de setembro.
- Quen formalice a matrícula en setembro e outubro poderá solicitalo no momento de matricularse. Resolverase non máis tarde dun mes contado dende o seguinte ao da data da formalización da matrícula.
- Quen tendo pendentes cualificacións, resulte admitido por calquera vía, poderá solicitalo nos 15 días seguintes ao de ter completado o expediente. Os centros resolverán esta nova solicitude antes do 30 de setembro.
- Ao longo de todo o curso poderase presentar [solicitudes](#) de recoñecemento de créditos optativos por actividades culturais/prácticas.

**Presentación de documentación:** (cando se precise comprobar a veracidade dos datos persoais ou académicos, as unidades administrativas requirirán documentación sen necesidade de esperar ao remate do prazo).

- Para quen se automatricula nos meses de xullo, agosto e setembro o prazo remata o 30 de setembro e quen o faga con posterioridade entregará a documentación no prazo de 5 días hábiles contados dende o momento da matrícula.
- Quen realice a matrícula presencial entregará a documentación nese momento.